

Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 9 de xaneiro de 2023, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Reclamación Praza: 22/9007

Categoría: Axudante Doutor/a

Área de Coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Docencia: 620G01020 Habilidades de Loita e a súa Didáctica

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Os membros da Comisión de Reclamacións, tras analizar o contido da reclamación presentada por dona Yolanda Escalante González, a documentación do/a candidato/a e o informe realizado pola Comisión de Selección encargada da praza de 21/12/2022

CONSIDERAN:

- que o baremo acordado pola Comisión de Selección o día 09/12/2022 inclúe criterios adicionais aos do Anexo 1 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 30/04/2014 que non se xustifican adecuadamente con respecto á afinidade coa área de coñecemento;
- que a aplicación dos devanditos criterios adicionais penalizan de xeito desproporcionado os méritos que poden presentar, incluso, candidatos/as da mesma área;
- que o resultado da aplicación do baremo deixa na práctica sen efecto algúns dos méritos presentados polas persoas reclamantes.

Polo que a Comisión de Reclamacións ACORDA:

1. Retrotraer o procedemento ao momento de fixación de criterios de valoración por parte de Comisión de Selección, significándose que as ponderacións relacionadas co perfil da praza non poderán deixar sen efecto os méritos de afinidade coa área de referencia.
2. Publicar este acordo da Comisión de Reclamacións.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	D7AjlGtLHmRdOZTGUGYdSQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	11/01/2023 14:48:24
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/D7AjlGtLHmRdOZTGUGYdSQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

